

Ref.: TX/mmo
Expte: 2021/NG15

ASUNTO: Memoria-Informe para tramitar o “Convenio entre el Instituto Nacional de la Seguridad Social, el Instituto Social de la Marina y la Comunidad Autónoma de Galicia, en materia estadística”

ANTECEDENTES E RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

O Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), o Instituto Social da Mariña (ISM) e o Instituto Galego de Estatística (IGE), conscientes da importancia de manter e reforzar as relacións de cooperación e o intercambio de información, subscribiron o 11 de xullo de 2011 un convenio de colaboración.

A experiencia adquirida na execución deste convenio aconsella continuar cooperando, toda vez que o Estado ten competencia exclusiva sobre as estatísticas para fins estatais (artigo 149.1.31 da Constitución) e a Comunidade Autónoma ten competencia exclusiva sobre as estatística para fins autonómicos (artigo 27.6 do Estatuto de Autonomía).

Pola súa banda, a Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, establece no seus artigos 39.1 e 39.3 como funcións do IGE a de dirixir e coordinar a actividade estatística da Comunidade Autónoma e a de realizar as estatísticas que se lle encomenden no Plan Galego de Estatística e nos seus programas anuais, así como as que se establezan mediante convenios con outros organismos estatísticos.

Polo exposto, parece conveniente subscribir un novo convenio de colaboración entre as tres entidades, coa finalidade de establecer un sistema estable e periódico de intercambio de información, para aproveitar con fins estatísticos a información contida nos ficheiros e bases de datos en materia de prestacións sociais públicas, competencia do INSS e do ISM.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Que dentro da Secretaría Xeral do IGE, o Servizo Técnico Xurídico e de Contratación, segundo o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do IGE, asume o impulso e a tramitación administrativa do expediente.
- Que se deberá solicitar á Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda e Administración Pública informe previo sobre o proxecto deste convenio de colaboración.
- Que por tratarse dun convenio sen achega ou obriga económica algunha, non se considera necesaria a súa fiscalización pola Intervención xeral ou delegada.



- Que é aplicable o establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que conforman o capítulo VI “Dos convenios” dentro do título preliminar.
- Tamén é aplicable o establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios que celebre a Xunta de Galicia, organismos autónomos e entes de dereito público dependentes dela con outras administracións ou entes de dereito público ou privado.

A Xefa do Servizo Técnico Xurídico e de Contratación
Mónica Martínez Otero

Visto e prace,

Secretaria Xeral
Rosa Elvira Fernández González

